

WOS Festival expándese por oito escenarios da cidade no día grande do evento, que inclúe a estrea da nova sede na Fundación Laboral de la Construcción

DjRUM, Croatian Amor, Black Rave Culture ou Loraine James, entre outros nomes, actuarán na noite do sábado 16 nas naves do complexo arquitectónico

A programación arrancará ás 13.00 horas cun live de Marlene Ribeiro & Inês Malheiro no Parque de Bonaval, e coa conversa na sede Afundación entre o músico Aho Ssan e o comunicador Phil Bloomfield

A Igrexa da Universidade, Fundación Eugenio Granell e o Teatro Principal acollerán diferentes lives ao longo da tarde; mentres que o CGAC celebrará a segunda e derradeira xornada do parladoiro 'O son electrónico de Galicia'

A sala de cinema NUMAX acollerá a estrea española do documental 'Expedition Content', un traballo predominantemente sonoro sobre a relación entre antropólogos estadounidenses e nativos de Hubula, en Papúa Nova Guinea

Santiago de Compostela, 15 de setembro de 2023. - O WOS Festival x SON Estrella Galicia supera o ecuador da súa sétima edición chegando ao seu día grande: o evento expandirase este sábado 16 por toda a cidade de Santiago de Compostela, ofrecendo concertos e actividades, desde as 13.00 e até as 05.00 am, en oito localizacións diferentes. O Parque de Bonaval, a sede Afundación, o Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC), a sala de cinema NUMAX, a Igrexa da Universidade, a Fundación Eugenio Granell, o Teatro Principal e a Fundación Laboral de la Construcción celebrarán a vangarda e a experimentación por todo o alto.

Un dos principais fitos desta edición é a estrea coma pista de baile de dúas das naves do complexo no que, hoxe en día, se atopa a Fundación Laboral de la Construcción. Situado na zona norte da cidade, o recinto combina espazos restaurados da antiga curtidoría de Pontepedriña d'Arriba, do século XVIII, con outros de nova construción nunha área de case 5.000 metros cadrados. A obra acadou, no 2018, o galardón á mellor rehabilitación nos Premios de Arquitectura e Rehabilitación de Galicia.

Nestas naves actuará un dos cabezas de cartel deste WOS: DjRUM, quen pechará a noite cunha sesión que comezará ás 03.30 horas. Antes, no complexo arquitectónico, o público poderá gozar dos directos de Heith ft. Declino, Bruce, Puce Mary, Croatian Amor, Loraine James (quen presentará Gentle Confrontation), JUAIT, objet blue & Natalia Podgorska (na estrea española de Pearl Forest); así como das sesións de Kia e Black Rave Culture.

A terceira xornada do WOS arrancará ás 13:00 horas na sede Afundación coa conversa entre o músico Aho Ssan -quen actuará pola tarde no Teatro Principal- e o comunicador Phil Bloomfield, nun

encontro no que abordarán o proceso creativo do artista. Á mesma hora, a actividade comezará no Parque de Bonaval, cun live de Marlene Ribeiro & Inês Malheiro. Pola tarde, no mesmo espazo, Lamin Fofana e Akazie ofrecerán sendas sesións ás 16:00 e ás 18:00 horas, respectivamente.

Ás 16.00 horas, simultaneamente, terán lugar dúas actividades paralelas: a proxección de *Expedition Content* na sala de cinema NUMAX (na que será a súa estrea en España) e a segunda e derradeira mesa redonda arredor d' *O son electrónico de Galicia*, a proposta interxeracional na que colectivos, promotores e artistas comparten as súas visións e experiencias sobre a escena do país. Desta quenda, no CGAC, conversarán Must Be On Wax, Neo2000Klub, RetroFuture, Russ, Sisters of Rave, TR3MOR. Frankie Pizá e Víktor Flores serán os responsables de moderar o encontro.

Esta intensa actividade desencadeará nunha chea de concertos e directos que comezarán ás 17:30 horas e que, practicamente, non pararán até o amencer. Así, a Igrexa da Universidade acollerá o directo de Patricia Wolf, mentres que a Fundación Granell fará o propio con Loke Rahbek & Frederik Valentin (18:00 horas) e ABADIR (20:00 horas). Á vez, o Teatro Principal dará a coñecer a estrea mundial de *Transmutation*, o live AV de Alex Aller & Margarida Mariño e, por primeira vez en España, poderase ver Aho Ssan & Sevi Iko Dømochevski present *Rhizomes*. Chegada a noite, contra ás 22:00 horas, a música trasladarase á beira do Sarela, onde o público poderá gozar na vangarda nas naves da FLC.

WOS Festival conta con SON Estrella Galicia como patrocinador principal, ademais do apoio doutras institucións como Xunta de Galicia, a través da Axencia Turismo de Galicia e da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic), Concello de Santiago de Compostela, Deputación da Coruña e Fundación Xapón.

PROGRAMA SÁBADO 16

Desde 13:00 horas | Parque de Bonaval

13:00h - Marlene Ribeiro & Inês Malheiro (Live) *
16:00h - Lamin Fofana (Dj) *
18:00h - Akazie (Dj)

13:00 horas | Sede Afundación

Conversación con Aho Saan.
Participan: Aho Ssan e Phil Bloomfield.

16:00 horas | Auditorio do CGAC

O son electrónico de Galicia: unha conversa interxeracional (parte 2).
Participan: Must Be On Wax, Neo2000Klub, RetroFuture, Russ, Sisters of Rave, TR3MOR.
Moderan: Frankie Pizá e Víktor Flores.

16:00 horas | NUMAX

*Expedition Content (2020)**, dirixida por Ernst Karel e Veronika Kusumaryati.

17:30 horas | Igrexa da Universidade

Patricia Wolf (Live)

Desde 18:00 horas | Fundación Eugenio Granell

18:00h - Loke Rahbek & Frederik Valentin (Live) *

20:00h - ABADIR (Live)

Desde 18:00 horas | Teatro Principal

18:00h - Alex Aller & Margarida Mariño present *Trasmutation* (Live AV) **

20:00h - Aho Ssan & Sevi Iko Dømochevski present *Rhizomes* (Live AV) *

18:15 horas | Sede Afundación (CONVOCATORIA PARA GRÁFICOS)

O conselleiro de Cultura e Educación da Xunta de Galicia, Román Rodríguez, acompañado polo director da Axencia Galega das Industrias Culturais, Jacobo Sutil, e polo director do festival, Iván Arias, percorren distintos espazos polos que transcorre a sétima edición do WOS Festival x SON Estrella Galicia.

Desde 22:00 horas | Fundación Laboral de la Construcción (FLC)

22:00h | Sala 2 - Heith ft. Declino (Live AV) *

22:30h | Sala 1 - Bruce (Live) *

23:00h | Sala 2 - Puce Mary (Live) *

23:30h | Sala 1 - Croatian Amor (Live)

00:00h | Sala 2 - Loraine James presents *Gentle Confrontation* (Live AV) *

00:30h | Sala 1 - JUAIT (Live) *

01:00h | Sala 2 - object blue & Natalia Podgorska present *Pearl Forest* (Live AV) *

01:30h | Sala 1 - Kia (Dj) *

02:00h | Sala 2 - Black Rave Culture (Dj) *

03:30h | Sala 1 - DjRUM (Dj)

* Estrea en España ** Estrea mundial

ARTISTAS SÁBADO 16

ABADIR (EG) é o alias de Remi Abadir, produtor e deseñador multimedia cairota con residencia en Berlín. Nos seus primeiros traballos como produtor, coñecemos a súa faceta máis experimental, moi achegada ao deseño de son e con algúns fragmentos de deconstructed club. Tras varios traballos máis enfocados ao ambient, en 2022 publicou *Mutate* no selo SVBKVLT, onde mestura os seus xéneros de club favoritos con diferentes ritmos tradicionais nun exercicio que fai o camiño inverso ao deconstructed club: é música de club reconstruída e reestruturada a partir de elementos do folclore.

AHO SSAN & SEVI IKO DØMOCHEVSKY PRESENT 'RHIZOMES' (FR/ES) / Aho Ssan regresa ao WOS Festival para presentar o seu último traballo, *Rhizomes*. Aínda que este traballo non viu a luz aínda, recibiu unha mención honorífica na categoría "Música Dixital e Arte Sonora" do Prix Ars Electronica 2023. Para plasmar visualmente en directo a música de Rhizomes, Aho Ssan colabora con Sevi Iko Dømochevsky, quen explora de maneira moi particular a creación dixital, fusionando diferentes linguaxes e evocando respostas emocionais á obra.

AKAZIE (ES) / Raras veces atopamos perfíles coma o da galega Akazie, que aborden os recunchos máis hedonistas da música electrónica dende un punto de vista académico e formal. O profundo interese de Akazie polos patróns rítmicos plásmase nos seus sets a base de deconstructed club,

electrónica e movementos coma o singeli ou o kuduro. O seu enfoque da música electrónica, tan desafiante como accesible, fan de Akazie unha das selectoras máis orixinais do panorama nacional.

ALEX ALLER & MARGARIDA MARIÑO PRESENT 'TRANSMUTATION' (ES) / A nova colaboración artística entre Alex Aller e Margarida Mariño recibe o nome de *Transmutation*, un encontro entre o cello e a electrónica para darnos unha experiencia multidisciplinar cautivadora inspirada na reflexión sobre a vida e a transcendencia humana que abarca estilos coma o ambient ou o neoclásico. En acompañamento das proxeccións de Irene Sáenz e a iluminación de José Faro.

BLACK RAVE CULTURE (US) / Este trío con base en Washington D.C. formado por DJ Nativesun, James Bagura e Amal está a aplicar constantemente as R da reciclaxe á cultura rave. Tanto nos seus DJ sets como nos seus dous fantásticos álbums *-Black Rave Culture Vol. 1* (HAUS of ALTR, 2021) e *Black Rave Culture Vol. 2* (Autoeditado, 2022)- a música de baile enaltecida, reivindicada e renovada dende unha perspectiva que parte do negro pero abraza a universalidade. Por primeira vez en Europa, pasarán polo WOS Festival para facernos bailar. O colectivo artístico vigués MIL111 encargárase da proposta visual durante este Dj set.

BRUCE (UK) / Esquezámos por un momento o Bruce que coñecemos ata agora e que fixo as delicias dos amantes do UK bass nos últimos anos. O produtor de Bristol explora a súa deslumbrante habilidade como vocalista nunha nova etapa musical que deu o pistoletazo de saída co seu último EP *Timedance*. Pop electrónico con altas doses de sensibilidade e melancolía que defenderá en directo por primeira vez en España no WOS Festival.

CROATIAN AMOR (DK) / Pseudónimo do músico danés Loke Rahbek, quen se converteu nunha figura relevante no panorama da música electrónica nos últimos anos. Rahbek non só é un músico prolífico, senón tamén o motor detrás do influente selo discográfico Posh Isolation, que serviu como incubadora para numerosos artistas experimentais como Puce Mary, Felicia Atkinson, Varg ou Perko. Croatian Amor é capaz de explorar o mundo contemporáneo cunha intimidade única e cautivadora. Chega a WOS tras publicar *A Part Of You In Everything*, un traballo persoal no que colaboran diferentes artistas de Posh Isolation.

DJRUM (UK) / Cando se pon detrás de uns pratos, DJRUM desata o seu profundo e infinito coñecemento musical, que recolle non só os clásicos do jazz e os novos nomes, os últimos 30 anos do hip-hop global, o trip-hop e o jungle dos noventa, o hardcore continuum británico e calquera rareza que gardes como ouro en pano na túa propia colección. Todo este despregamento convirte os seus en exercicios de estética e técnica olímpicas. Beatmatching e seleccións celestiais que prometen ser un dos pratos fortes da programación nocturna da edición.

HEITH FT. DECLINO (IT) / Heith é o alias co que o italiano Danielle Guerrini explora a súa vea musical dende hai unha década e coa que recorreu diversos ámbitos, dende os diferentes dominios da música de baile ata os etéreos paisaxes do ambient e a música electroacústica. En 2022 publica *X, wheel* en PAN, o seu impactante debut en longo, que defenderá en directo en WOS acompañado do deseño visual do estudo Declino.

JUAIT (ES) / No seu EP de debut *SKK77* (autoeditado, 2022), este santiagués xa asentou as bases do seu son cheo de reminiscencias dos ritmos rotos británicos, o espírito raveiro máis underground, o techno, o trance ou o grime. "Neste traballo quería capturar todos os sentimentos e emocións que tiven no club, dende os máis eufóricos ata os máis íntimos", apunta o propio JUAIT dende a súa



página de Bandcamp. En WOS Festival presentará por primeira vez en formato live o seu segundo EP, *Bravo No Tramo*, que verá a luz proximamente en PAC Records.

KIA (AUS) / Entre a novísima selección australiana de artistas electrónicos, unha das axitadoras que máis chamou a atención recentemente é Kia. A pesar da súa xuventude, esta artista natural de Naarm xa pasou por festivais como Dekmantel ou Waking Life e clubs como Tresor, demostrando unha habilidade inusual para construír sets con altas doses de graves nos que se apoia na IDM, o trance ou o techno para crear a súa propia narrativa. Esta será a primeira actuación en España da xefa de Animalia.

LAMIN FOFANA (SL) / Como DJ, produtor e artista, Lamin Fofana adéntrase na música desde unha perspectiva espacial e sociolóxica. As súas composicións son unha fascinante interacción entre as realidades palpables do noso mundo, explorando temas como a migración, a alienación e a busca de pertenza. As actuacións de Fofana son un híbrido do formato DJ set e de directo de música electrónica onde caben temas propios, gravacións de campo, gravacións de estudio e test pressings que combina nun exercicio narrativo profundo e interesante.

LOKE RAHBEK & FREDERIK VALENTIN (DK) / No 2022, Loke Rahbek e Frederik Valentin lanzan *Together*, o seu terceiro disco xuntos, un traballo que nace como un encargo para crear unha banda sonora alternativa para a película *Sans Soleil* de Chris Marker, un clásico do cinema documental experimental. O resultado é un disco excepcionalmente optimista e vivaz no que Valentin e Rahbek incluso regalan ao ouvinte cortes uptoempo e que será a base da súa actuación no WOS Festival.

LORAIN JAMES PRESENTS 'GENTLE CONFRONTATION' (UK) / Loraine James ten un don para que as súas composicións, teñan a sonoridade que teñan, sexan artefactos dunha beleza e dunha delicadeza conmovedora. Abren un canal directo co ouvinte: acunan, embriagan e confortan a partes iguais. Unha emotividade que se converteu no seu selo distintivo. Estreará no Festival WOS o seu novo directo presentando o seu novo traballo. E o fará cun espectáculo audiovisual. Unha oportunidade única de coñecer e conectar con unha das artistas británicas de música electrónica máis prolíficas e especiais dos últimos anos.

MARLENE RIBEIRO & INÊS MALHEIRO (PT) / As portuguesas Marlene Ribeiro e Inês Malheiro únense en WOS Festival tras unha produtiva residencia artística en Porto. Ribeiro, recoñecida pola súa traxectoria con Gnod e as súas experimentacións sonoras con elementos psicodélicos, e Malheiro, famosa por crear narrativas únicas e a súa recente obra *Deusa Náusea*, compartirán escenario para despregar unha amalgama de innovación vocal e sinerxías creativas que marcará a diferenza.

OBJECT BLUE & NATALIA PODGORSKA PRESENT 'PEARL FOREST' (JP/UK) / Aínda que object blue & Natalia Podgorska variaron a materia prima dos seus espectáculos desde 2019, sempre mantiveron unha base que as identifica: a orixinalidade e intensidade das producións de object blue e a continua relación co mundo vexetal de Podgorska. Aterran no WOS Festival con *Pearl Forest*, a súa nova proposta para o directo.

PATRICIA WOLF (US) / O ano pasado, e cunha diferenza de meses, a produtora e deseñadora de son Patricia Wolf entregaba dous discos substanciais para o ambient. Primeiro chegou *I'll Look For You In Others* (Past Inside The Present), un disco que foi concibido nun período triste para esta artista estadounidense. Despois o facía *See-Through*, onde a norteamericana retomaba o seu proceso



compositivo dende o alivio entregando un disco luminoso, etéreo e preciosista. Un bálsamo para o espírito.

PUCE MARY (DK) | Pseudónimo da artista danesa Frederikke Hoffmeier. Cunha longa traxectoria na música experimental, Puce Mary labrou a súa reputación grazas ás súas intensas performances en directo, nas que se poden experimentar desde cativadoras aproximacións a composicións cinematográficas ata a furia desenfreada do ruído e o drone máis estrondoso. O son da danesa estivo sempre a cabalo entre a hauntoloxía, a ambientación do cine de terror e a abrasión do ruído. Presenta en WOS Festival o seu novo traballo, que pronto verá a luz en PAN.

Contacto de prensa WOS Festival x SON Estrella Galicia

The Office Comunicación | prensa@theofficeco.es

Lucía Pita (675 404 321) e Luisa Castiñeira (620 113 155)

Kit de prensa WOS Festival x SON Estrella Galicia

<https://bit.ly/WOSPrensaGAL2023>